

11^{as} Xornadas de portas abertas

RUTAS DOS VIÑOS

de Galicia



O RIBEIRO

Do 13 ao 15
de maio

RÍAS BAIXAS

Do 20 ao 22
de maio

VALDEORRAS

Do 27 ao 29
de maio

RIBEIRA SACRA

Do 3 ao 5
de xuño

MONTERREI

Do 10 ao 12
de xuño



XUNTA
DE GALICIA

EN QUE CONSISTEN AS

11^{as} Xornadas de portas abertas

RUTAS DOS VIÑOS

de Galicia

Durante cinco fins de semana entre os meses de maio e xuño poderás facer visitas guiadas e gratuítas ás adegas participantes nesta promoción. Todas terán as súas portas abertas para ti durante a fin de semana da campaña*. Ao finalizar a visita ofreceranche como agasallo unha degustación dos mellores viños de Monterrei, O Ribeiro, Rías Baixas, Ribeira Sacra ou Valdeorras. Tamén atoparás restaurantes onde poderás escoller entre dous menús concibidos especialmente para esta ocasión. Os menús componse de primeiro e segundo pratos -maridados ambos con viños da Denominación de Orixe na que te atopas- e sobremesa. Algúns dos restaurantes adheridos tamén ofrecerán menús infantís para os nenos menores de 12 anos que acompañen aos adultos.

En cada Ruta poderás atopar ademais un programa especial de actividades para a fin de semana: autobuses do viño, catas comentadas, visitas a museos, rutas monumentais, paseos en barca, descontos en aloxamentos e outras accións relacionadas co mundo do viño.

*Realizaranse tres visitas guiadas o sábado e unha o domingo co seguinte horario de atención ao público:

Sábado: 11.00, 12.30 h e 17.00 h

Domingo: 12.00 h

Recoméndase confirmar a visita vía telefónica coa adegas correspondente

MÚSICA E VIÑO, UNHA MARIDAXE EXCEPCIONAL

Ao abeiro das 11^{as} Xornadas de portas abertas das Rutas dos viños de Galicia creáronse cinco composicións musicais orixinais inspiradas en cadansúa denominación de orixe vitivinícola. A personalidade dos viños galegos, a terra da que nacen, a paisaxe que reflicten ou a cultura da que son froito son elementos cos que Ana Rodríguez e Carlos Calviño, compositores galegos, traballaron para componse estes cinco temas inéditos que casan con cada D.O. galega. O resultado deste traballo, que conta coa colaboración do enólogo Jorge Hervella, é un conxunto de pezas orixinais que permiten paladear os nosos viños a través dunha senlleira experiencia musical.



No Facebook de Turismo de Galicia realizaremos **tres concursos por cada Ruta do Viño** nos que sortearemos en total **15 premios** consistentes nunha noite de aloxamento para dúas persoas en cuarto dobre nun dos establecementos asociados participantes máis o xantar do día seguinte nun restaurante socio da Ruta. Sigue as nosas redes sociais e participa!

www.rutasviñosgalicia.gal

<https://www.facebook.com/Turgalicia>



ruta
do viño
VALDEORRAS

DO 27 AO 29 DE MAIO

PROGRAMA ESPECIAL DE ACTIVIDADES NAS
11^{as} xornadas de portas abertas



BUS DO VIÑO

Servizo de transporte para visitar adegas o sábado 28 e do domingo 29 de maio durante todo o día. En todo momento os asistentes estarán acompañados por un guía turístico. A actividade ten un custo de 10 € / adult@ - 5 € / nen@ (de 3 a 13 anos). O xantar non está incluído. Prazas limitadas, recoméndase reserva previa.

MÁIS INFORMACIÓN:

Ruta do Viño de Valdeorras, Tel.: 604 078 753 ou
en info@rutadelvinovaldeorras.com,
www.rutadelvinovaldeorras.com

SÁBADO 28 DE MAIO

Ruta	Saída	Visitas	Regreso a punto de orixe
1	10.00 h Ponferrada (Albergue de Peregrinos)	11.00 h Adega Melillas (adega e cova) 12.45 h Adega Godeval (viñedo e adega) 14.30 - 16.30 h Tempo libre para xantar no restaurante Palladium ou no Barco de Valdeorras 17.00 h As Ermitas 18.40 h Adega Cepado (viñedo e adega)	21.00 h
2	08.30 h A Coruña (R/ Alfonso Molina xunto á gasoleira Repsol)	11.30 h Adega Cepado (viñedo e adega) 13.15 h Adega Cova da Xabreira (adega e barrio das covas de Seadur) 14.30 - 16.30 h Tempo libre para xantar na Rúa 16:50 h Adega Alan de Val (viñedo e adega)	21.30 h

3	08.30 h Santiago de Compostela (parada de buses da Praza de Galicia)	11.30 h Adegas Roandi (adega e cova) 13.00 h Adegas Joaquín Rebolledo (viñedo e adega) 14.30 -16.30 h Tempo libre para xantar na Rúa 16.50 h Adegas Cova da Xabreira (adega e barrio de covas de Seadur)	21.30 h
4	09.00 h Ourense (Parque de San Lázaro, con parada na gasolinera GALP de Monforte de Lemos para recoller máis participantes).	11.00 h Adegas A Coroa (adega e visita cova) 12.30 h Adegas Casal (adega e viñedo) 14.00 - 16.00 h Tempo libre para xantar no Barco de Valdeorras 16.15 h Adegas Godeval (viñedo e adega) 17.45 h Casco histórico de Petín	20.00 h
5	8:30 h Vigo Avda. de Madrid (xunto á clínica Concheiro)	11.30 h Castelo do Bolo 13.00 h Adegas Alan de Val (adega e viñedo) 14.30 - 16.30 h Tempo libre para xantar no Barco de Valdeorras 16.40 h Adegas Roandi (adega e cova) 18.00 h A Coroa (adega e cova)	22.00 h

DOMINGO 29 DE MAIO

Ruta	Saída	Visitas	Regreso
1	08.30 h Santiago de Compostela (parada de buses da Praza de Galicia)	11.30 h Adegas Melillas (adega e cova) 13.00 h Adegas Casal (viñedo e adega) 14.30 -16.15 h Tempo libre para xantar no Barco de Valdeorras 16.45 h Casco histórico de Petín 18.00 h Joaquín Rebolledo	22.00 h
2	09.00 h Ourense (Parque de San Lázaro, con parada na gasolinera GALP de Monforte de Lemos para recoller máis participantes).	11.00 h Adegas Cepado (viñedo e adega) 12.30 h Adegas Roandi (adega e cova) 14.00 -16.00 h Tempo libre para xantar no Barco de Valdeorras 16.15 h Alan de Val (viñedo e adega) 18.00 h Adegas Cova da Xabreira (adega e barrio das covas de Seadur)	21.00 h
3	09.45 h Pongferrada (Albergue de Peregrinos)	11.00 h Castelo do Bolo 12.30 h Adegas Joaquín Rebolledo (visita adega) 14.00 -16.00 h Tempo libre para xantar na Rúa 16.15 h Adegas Melillas (visita adega e cova) 17.45 h Adegas Casal (visita viñedo e adega)	20.00 h

A organización resérvase o dereito a modificar o programa en función da dispoñibilidade dos espazos e establecementos a visitar, así como o dereito a anular algunha das actividades ou rutas do bus en caso de non chegar a un mínimo de 10 participantes. O xantar non está incluído. Os horarios de chegada son aproximados.

ACTO DE INAUGURACIÓN DAS 11^{as} XORNADAS DE PORTAS ABERTAS NA RUTA DO VIÑO DE VALDEORRAS

Inauguración das 11^{as} Xornadas de portas abertas cun cóctel de benvinda e lectura da obra do poeta valdeorrés Florencio Delgado Gurriarán.

- 🕒 HORARIO: venres 27 de maio, de 20.30 a 22.30 h
- 💶 PREZO: Gratuíto
- 📍 LUGAR: Hotel Monumento 4* Pazo do Castro (O Barco de Valdeorras)
- ℹ️ MÁIS INFORMACIÓN:
Ruta do Viño de Valdeorras
Tel.: 988 321 150 / 604 078 753
www.rutadelvinovaldeorras.com
info@rutadelvinovaldeorras.com

TÚNEL DO VIÑO

Xornada de promoción dos viños de Valdeorras na que se poderá degustar unha ampla selección dos viños das adegas participantes nas xornadas. O túnel terá unha duración aproximada de dúas horas, en horario de mañá e de tarde, estará atendido por camareiros e contará coas explicacións dun especialista en viños. Esta velada estará amenizada con música en directo. Recoméndase reserva previa.

- 🕒 HORARIO: sábado 28 de maio, de 12.00 a 14.00 h e das 19.30 a 22:30 h
- 💶 PREZO: 10 € / persoa (inclúe unha copa e 10 degustacións de viño)
- 📍 LUGAR: Praza Maior do Concello do Barco de Valdeorras
- ℹ️ MÁIS INFORMACIÓN:
Ruta do Viño de Valdeorras
Tel.: 988 321 150 / 604 078 753
www.rutadelvinovaldeorras.com
info@rutadelvinovaldeorras.com



ARTE E VIÑO

Experiencia na que os participantes pintarán un cadro con pintura acrílica, inspirado na obra "A noite estrelada" de Van Gogh. Unha pintora profesional, Julia Aguiar, guiará aos participantes con pasos claros e sinxelos. Esta actividade está deseñada para que persoas sen experiencia coa pintura poidan facer un cadro en dúas horas mentres gozan dunha copa de viño nun ambiente relaxado.

- 🕒 HORARIO: sábado 28 de maio, de 16.30 a 18.30 h
- 💶 PREZO: 15 € / persoa
Grupo mínimo de participantes 8 persoas, máximo, 15 persoas.
- 📍 LUGAR: área recreativa do Aguillón (A Rúa)
- ℹ️ MÁIS INFORMACIÓN:
Ruta do Viño de Valdeorras
Tel.: 988 321 150 / 604 078 753
www.rutadelvinovaldeorras.com
info@rutadelvinovaldeorras.com

OS SEGREDOS DE VALDEORRAS

Observación astronómica guiada por un astrónomo que nos achegará ao "ceo profundo", para poder ver varias galaxias na Osa Maior, un cúmulo globular e unha nebulosa. Nesta observación poderemos degustar unha copa de godello.

Esta actividade poderá sufrir alteracións debido á climatoloxía (en caso de ser adversa, o astrónomo fará unha presentación proxectada dende a cámara do telescopio).

- 🕒 HORARIO: venres 27 de maio, de 22.30 a 24.00 h
- 💶 PREZO: Gratuíto
Grupo mínimo de participantes 15 persoas, máximo, 30 persoas.
- 📍 LUGAR: aparcamento traseiro do Hotel Monumento 4* Pazo do Castro (O Barco de Valdeorras)
- ℹ️ MÁIS INFORMACIÓN:
Ruta do Viño de Valdeorras
Tel.: 988 321 150 / 604 078 753
www.rutadelvinovaldeorras.com
info@rutadelvinovaldeorras.com



VIÑOS DE VALDEORRAS E CHOCOLATE, A XUNTANZA DE DOUS SEDUTORES

Cata dos viños de cinco adegas de Valdeorras participantes nas 11^{as} Xornadas e de cinco chocolates con elevada porcentaxe de cacao da man da *sommelier* Mercedes González. Coñeceremos o poder sedutor e estimulante da mestura dos viños de Valdeorras e os chocolates, unha unión diferente, unha enoexperiencia para aprender a sorprender a través de dous mundos sumamente prateiros. A actividade rematará cunha actuación musical. É necesaria a inscrición previa.

- 🕒 HORARIO: sábado 28 de maio, de 19:00 a 20.30 h
- 💶 PREZO: 5 € / persoa.
Grupo mínimo de participantes 12 persoas, máximo, 24 persoas.
- 📍 LUGAR: Praza José Antonio Miguez, nº 1 (A Rúa)
- ℹ️ MÁIS INFORMACIÓN:
Ruta do Viño de Valdeorras
Tel.: 988 321 150 / 604 078 753
www.rutadelvinovaldeorras.com
info@rutadelvinovaldeorras.com

DESCUBRINDO AS PEGADAS DO PASADO

Patrimonio e enoturismo danse a man nunha visita ao castro prerromano de Castrillón. Dende Larouco faremos un pequeno paseo de 20 minutos aproximadamente, partindo da igrexa do pobo e rematando en Castrillón. Descubriremos a historia desta paraxe da man dun arqueólogo. Aquelas persoas que o desexen poden finalizar a actividade cun pícnic (entregado en *pack* individual) e unha cata dos viños de Valdeorras das adegas participantes nas Xornadas realizada pola *sommelier* Mercedes González. É necesaria a inscrición previa.

🕒 **HORARIO:** domingo 29 de maio, de 11.00 a 14.00 h

€ **PREZO:** Gratuíto o paseo. Pícnic 5 € / persoa.
Grupo máximo de participantes 30 persoas.

📍 **MÁIS INFORMACIÓN:**

Ruta do Viño de Valdeorras
Tel.: 988 321 150 / 604 078 753
www.rutadelvinovaldeorras.com
info@rutadelvinovaldeorras.com

DESCUBRINDO A RUTA DA LOBA DA FADA E OS VIÑOS DE VALDEORRAS

Un autobús estará agardándonos na zona do Bañadoiro de Vilamartín (a carón do campo de fútbol) para levarnos ata o pobo de Cernego, desde onde descubriremos a lenda da Loba da Fada a través dunha ruta de 6 km que nos levará ata Vilamartín. Gozaremos dunha cata comentada de 5 viños no interior dunha antiga cova empregada para a conservación do viño. No percorrido veremos viñedos, soutos, terras cultivadas e construcións vencelladas á vida no rural. Necesaria a inscrición previa.

🕒 **HORARIO:** sábado 28 de maio, de 10.00 a 14.00 h

€ **PREZO:** Ruta gratuíta. Cata 5 € / persoa.
Grupo mínimo de participantes 10 persoas, máximo 20

📍 **MÁIS INFORMACIÓN:**

Ruta do Viño de Valdeorras
Tel.: 988 321 150 / 604 078 753
www.rutadelvinovaldeorras.com
info@rutadelvinovaldeorras.com

PARQUE NATURAL SERRA DA ENCIÑA DA LASTRA

Visita ao parque natural ubicado no concello de Rubiá, onde a aciñeira, que dá nome ao parque, ten historia de seu. Esta árbore significa clima mediterráneo e

solos calcarios, por iso resulta escasa no resto do territorio galego. Observaremos tamén outras árbores como sobreiras, rebolos, amendoeirás, oliveiras, convivindo con vellos castiñeiros. O parque posúe un gran número de "palas", covas (aquí está a meirande rede de cavidades subterráneas de Galicia). A fauna da serra está composta por aves rapaces, morcegos e un gran número de invertebrados ligados ao característico clima desta zona, o de menor pluviosidade de toda a comunidade autónoma.

🕒 **HORARIO:** venres 27, sábado 28 e domingo 29 de maio: de 10.30 a 14.00 h e de 16.00 a 19.30 h

€ **PREZO:** visita libre e gratuíta

📍 **MÁIS INFORMACIÓN:**

Centro de visitantes Parque natural Serra da Enciña da Lastra
Tel.: 988 783 055
<https://patrimonionatural.xunta.gal/servizo.conservacion.natureza.ourense@xunta.gal>

CASTELO DO BOLO E SANTUARIO DAS ERMITAS

O concello do Bolo organiza visitas ao castelo medieval e ao santuario das Ermitas, ubicados no seu concello. O castelo é un dos monumentos emblemáticos da zona, e ten a súa orixe no século XII. O santuario barroco das Ermitas, do século XVII, foi declarado Ben de Interese Cultural (BIC) no ano 2006.

🕒 **HORARIO:** venres 27, sábado 28 e domingo 29 de maio: de 10.00 a 14.00 h e de 16.00 a 20.00 h

€ **PREZO:** visita libre e gratuíta ao santuario das Ermitas.
Entrada ao castelo 1,80 € / persoa.

📍 **MÁIS INFORMACIÓN:**

Concello do Bolo
Tel.: 988 323 030 / 606 017 105
www.obolo.es
turismo.concellodobolo@hotmail.com

ENOTURISMO GALICIA

ENTRE LOUSAS E VIÑOS DE VALDEORRAS

Visita aos bancos, as montañas de onde se extraen as lousas, para ver como se fai e o posterior traslado das mesmas á planta de transformación, onde coñeceremos os diferentes traballos, ata chegar ao momento da súa embalaxe e expedición. Para finalizar a xornada visitaremos

unha adega da D.O. Valdeorras, onde participaremos dunha cata de godellos da zona.

🕒 HORARIO: sábado 28 de maio, de 10.30 a 14.15 h

💶 PREZO: 27 € / persoa

Grupos mínimos de 6 persoas. Desprazamento en vehículos particulares

VIÑOTEANDO ENTRE COVAS

Visita a dúas adegas-cova. As covas son bodegas soterradas onde tradicionalmente se elaboraba o viño. A visita inclúe a degustación de dous viños acompañados dun petisco típico da zona.

🕒 HORARIO: domingo 29 de maio, de 10.30 h a 14.15 h

💶 PREZO: 26 € / persoa

Grupos mínimos de 6 persoas. Desprazamento en vehículos particulares

📍 MÁIS INFORMACIÓN:

Enoturismo Galicia

Tel.: 676 101 649

www.enoturismogalicia.es

info@enoturismogalicia.es

VALDEORRAS É VIÑO

"A IDADE MEDIA, O ROMÁNICO E O VIÑO GODELLO"

Ruta guiada pola historia da comarca de Valdeorras. Comezaremos na Casa Señorial Mosteiro de Xagoaza, que na Idade Media estivo marcada pola presenza da Orde de Malta. Continuaremos coa visita a Bodegas Godeval para coñecer outra parte da historia de Valdeorras, relacionada co viño e co proxecto de recuperación da uva godello. Pasearemos pola viña e visitaremos a adega nova e a Cova dos Monxes, onde cataremos un dos seus viños acompañado dun pincho tradicional.

🕒 HORARIO: sábado 28 de maio, ás 11.00 h

💶 PREZO: 15 € / persoa

Grupo máximo 15 persoas. Desprazamento en vehículos particulares ata o mosteiro de Xagoaza

RUTA "UN PASEO DA MAN DO POETA FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN"

Paseo guiado polas rúas de Córghomo (Vilamartin), que nos permitirá coñecer ao autor homenaxeado no Día das Letras Galegas 2022, Florencio Delgado Gurriarán.

A ruta pasará por diferentes puntos da vila natal do poeta que nos desvelarán diversos aspectos da súa vida e da súa obra. Remataremos cunha cata de dous viños de Valdeorras acompañados dun pincho.

🕒 HORARIO: domingo 29 de maio, ás 11.00 h

💶 PREZO: 15 € / persoa

Grupo máximo 15 persoas. Desprazamento en vehículos particulares ata Córghomo.

📍 MÁIS INFORMACIÓN:

Valdeorras é viño

Tel.: 619 086 326

www.valdeorrasvino.es

valdeorrasvino@gmail.com

BODEGAS GODEVAL. OS AROMAS DA GODELLO, ENTRENANDO OLFAC TO E GUSTO

Cata de tres viños da adega coa que educaremos os nosos olfactos, centrándonos nos aromas da uva godello. A degustación inclúe petiscos.

🕒 HORARIO: sábado 28 de maio, ás 11.30 h

💶 PREZO: 20 € / persoa

📍 MÁIS INFORMACIÓN:

Bodegas Godeval

Tel.: 988 108 282

www.godeval.com

godeval@godeval.com

APARTAMENTOS TURÍSTICOS TREMIÑÁ. CATA COMENTADA DE VIÑOS DE VALDEORRAS

Cata de viños da D.O. Valdeorras elaborados coas variedades de uvas godello, mencia e garnacha, conducida polo adegueiro Javier García (Bodegas Sampayolo). A cata acompañarase con pinchos de empanadas típicas da zona.

🕒 HORARIO: sábado 28 de maio, ás 12.00 h

💶 PREZO: 10 € / persoa

📍 MÁIS INFORMACIÓN:

Apartamentos turísticos Tremiñá

Tel.: 607 340 475

www.tremiña.com

turismo@xtudionet.com

ADEGAS PARTICIPANTES:



Adega Pousadoiro
Adegas Celme
Bodegas Cunqueiro
Casal de Armán
Cuñas Davia
Leive EcoAdega
Licores Os Maios
Pazo Tizón
Priorato de Razamonde
Ramón do Casar
Terra do Castelo
Viña Costeira

Adegas Galegas
As Laxas
Bouza de Carril
Casa da Barca
Eidos
Gil Armada
La Val
Lagar de Besada
Lagar de Fornelos
Mar de Frades
Martín Códax
Paco & Lola
Palacio de Fefiñanes
Pazo Rubianes
Santiago Ruiz
Señorío de Rubiós
Terra de Asorei
Terras Gauda
Valmiñor
Viña Cartín
Viña Moraima
Viña Nora

Adega Alán de Val
Adega Melllas
Adega O Casal
Adega O Cepado
Bodega A Coroa
Bodega Roandi
Bodegas Godeval
Cova da Xabreira
Joaquín Rebolledo

Adega Vella
Amedo
Bodega Ribada
Rectoral de Amandi
Casa Moreiras
Condado de Sequeiras
Ponte da Boga
Proencia
Ronsel do Sil
Val de Quiroga
Vía Romana

Daniel Fernández
Fragas do Lecer
Gargalo
Pazo de Valdeconde
Quinta Soutullo
Terras do Cigarrón
Triay
Vía Arxéntea

Ilustración portada: Iria Prol Studio

Deseño: Starplanning S.L.U

Edita: Turismo de Galicia

Equipo técnico: Santiago Bacariza, M^a Pilar Maqueira Ron

Impresión: Gráficas Anduriña

Depósito Legal: C 255-2022

NESTE MAPA ATOPARÁS INFORMACIÓN SOBRE:

Os establecementos participantes, os seus teléfonos de contacto e a súa localización numerada no mapa. As actividades e ofertas especiais de aloxamento durante as 11^{as} Xornadas. Distancias quilométricas por estrada entre poboacións.

O ENOTURISMO DE GALICIA NO TEU MÓBIL

A aplicación Enoturismo en Galicia pode descargarse gratuitamente dende as tendas de aplicacións das plataformas iOS e Android. A información proporciónase en galego, castelán e inglés, optando o usuario polo idioma que prefira. Esta ferramenta ofrece información sobre todos os establecementos adheridos ás cinco Rutas dos Viños de Galicia: adegas, destilerías, restaurantes, aloxamentos, empresas de lecer, museos, oficinas de información turística, axencias de viaxes especializadas, enotecas, etc. facilitando deste xeito ao usuario o coñecemento do enoturismo da nosa Comunidade Autónoma. Cada unha das cinco Denominacións de Orixe galegas -Monterrei, O Ribeiro, Rías Baixas, Ribeira Sacra e Valdeorras- son presentadas amosando as características dos seus territorios e dos seus viños. Esta aplicación permite obter unha información precisa de cada recurso xa que automaticamente posibilita realizar unha chamada telefónica, enviar un correo electrónico ou acceder directamente á web propia de cada establecemento, así como tamén ofrece información práctica de como chegar ao mesmo directamente a través de "Google maps".



Máis info: www.rutasviñosgalicia.gal